

## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2007**

**Sres. asistentes:**

**SR.ALCALDE – PRESIDENTE EN FUNCIONS.-**

DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)

**SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-**

DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)

DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)

DONA TANIA MARIA RUANOVO SUAREZ (PP)

DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)

DON MANUEL MONTERO ANIDO(PSOE)

DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)

DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)

DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA)

DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

**SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO)

**SRA.SECRETARIA MUNICIPAL.**

ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ.

**SR. INTERVENTOR MUNICIPAL ACCDTAL.**

IAGO FERNÁNDEZ IGLESIAS.

No Local habilitado para Salón de Plenos no Local Social da Rúa de Miño ás once horas e corenta minutos do día 7 de setembro de 2007, reúnen os Sres. concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno municipal segundo a seguinte orde do día:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( 18 – 08 - 2007).-**

Distribuíndose ós Sres. concelleiros da Corporación copia do borrador da acta do Pleno correspondente ao día 8 agosto de 2007, o Sr. Alcalde – Presidente en funcións pregunta si algún concelleiro quere facer algunha observación antes da súa aprobación e toma a palabra Dna. Enma González Álvarez, portavoz do grupo PSOE, que solicita se efectúen as seguintes correccións: 1º.- Que queden perfectamente diferenciadas as intervencións nas comisións informativas das intervencións no pleno municipal, xa que da lectura do acta, tal e como está redactada, parece que se mesturou o que se dixo na comisión informativa co que se dixo no pleno, que de feito no pleno non se permitiu falar, o que se dixo no pleno era todo ou si ou non, non se permitiu discutir nada.2º.- Que no punto “7.3 .- Moción do grupo municipal PSOE sobre o expediente para a adxudicación dunha licenza de autotaxi”, a persoa que expuxo a moción foi Dona Emma González e non o Sr. Juan Manuel Beceiro.

Feitas estas observacións, o pleno acorda, por unanimidade dos presentes aprobar o borrador da acta do pleno do día 8 de agosto de 2007, coas correccións indicados no parágrafo precedente.

### **2.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2007.**

Pola Secretaria municipal procedese á lectura do ditame da Comisión Especial de Contas e Facenda, que se transcribe a continuación:

“Polo Interventor accidental procedese a explicar brevemente o contido do expediente do crédito extraordinario 3/2007 tramitado, e que contén a seguinte proposta de acordo da Concelleira de Facenda:

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se ditamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 3/2007, e se propoña ó Pleno do Concello a adopción de acordo, con fundamento na seguinte EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expóñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte **PROPOSTA**:

1º. Dictaminar **favorablemente** o expediente nº 03/2007 de Créditos extraordinarios por un importe global de 8.900,00 €, conforme ó seguinte detalle:

Partidas que se crean mediante o crédito extraordinario:

PARTIDA	CONCEPTO	IMPORTE
2007/222/750.00	Seguridade. Transferenzas de capital á Administración Xeral da Comunidade Autónoma	8.900,00 €
	<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>8.900,00 €</b>

2º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Sometida a proposta de acordo formulada pola Concelleira de Facenda a votación obtense o seguinte resultado: 8 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

Queda ditaminada favorablemente a proposta de acordo da Concelleira de Facenda relativa ó expediente de crédito extraordinario 3/2007, por unanimidade dos concelleiros presentes.”

Unha vez terminada a lectura do ditamen da Comisión Especial de Contas e Facenda, no pleno municipal procedese a votación da proposta de acordo efectuada pola Concelleira de Facenda co seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo efectuada pola Concelleira de Facenda, relativa ó expediente de crédito extraordinario 3/3007, por unanimidade dos presentes.

### **3.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE SITO NO LUGAR DE CALLE TRES.**

De conformidade co establecido no artigo 82 do ROF, e antes de proceder ó debate plenario do presente punto, os concelleiros presentes ratifican por unanimidade a súa inclusión na orde do día.

A continuación pola Secretaria municipal procedese á lectura do ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que se transcribe a continuación:

“Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación definitiva do Estudo de detalle sito no Lugar de Calle Tres.

Polo PSOE, o Sr. Beceiro quere manifestar que o seu grupo considera que as comisións informativas deberían convocarse cando houbera varios temas a tratar nelas e non convocalas con puntos individuais, tanto por operatividade como polo feito de que a xente traballa, que parece que o grupo de goberno non quere facilitar a labor dos Concelleiros, ademais se se convocasen con varios puntos e non con puntos individuais aforraríanse

cartos, que este tipo comisións supoñen un gasto innecesario para o Concello, que o seu grupo preferiría que as comisións se fixeran a primeira ou última hora da mañá, que estas reunións que duran escasamente 5 minutos a media mañá están entorpecendo o traballo, que se ó equipo de goberno non lle importa lles gustaría que cando se convoquen tiveran en conta o manifestado anteriormente, isto é, que se faga a primeira ou última hora da mañá.

Polo PP, o Sr. Veiga manifesta que a convocatoria destas comisións non é un capricho, que se lles notifico a concesión dunha subvención para a adquisición dun coche da policía, que hai que cumprir uns prazos e tramitar un expediente, e que ese é o motivo de que se convocase, xa que do contrario perderían a subvención, que como o expediente para a subvención hai que aprobalo en pleno, aproveitaron para incluír a aprobación definitiva do estudo de detalle.

Polo PSOE, o Sr. Beceiro, en relación ó estudo de detalle, quere facer referencia ó requirimento de Patrimonio, onde se pide o Concello de Miño que se informe acerca de se no ámbito do estudo de detalle existe algún elemento protexido, e considera que se Patrimonio efectúa ese tipo de requirimento será por que ten constancia da existencia dalgún elemento protexido, pero o que realmente lle preocupa é que non informe do técnico municipal se establece que “existe unha esquina da vivenda denominada A que parece invadir a liña de retranqueo, esto non plántea dubida ningunha de que se trata dun erro de debuxo, xa que ten marxe para poder posicionar a edificación sen problema ningún, polo que esta corrección deberá documentarse con carácter previo á concesión da licenza definitiva”, que considera que esto debe corrixirse antes da aprobación definitiva do estudo de detalle e que por este asunto non se fía do informe do arquitecto municipal, que ademais xa estivera observando varias irregularidades nos informes do arquitecto municipal, e por todo elo considere que debe corrixirse a posición do vivenda e unha vez corrixida levarse a aprobación definitiva o estudo de detalle.

Polo PP, o Sr. Veiga manifesta que o estudo de detalle conta cos informes favorables do arquitecto, do asesor xurídico e da secretaria municipal e que non existe inconveniente legal para a súa aprobación.

Por alusións a secretaria municipal manifesta que ela non informou o estudo de detalle, que as súas funcións están recollidas no Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, de Rémixe Xurídico dos Funcionarios da Administración Local, con Habilitación de Caracter Nacional, estable os supostos nos que é obrigatorio a emisión de informe, e que son os que se detallan a continuación:

1º.- La emisión de informes previos en aquellos supuestos en que así lo ordene el Presidente de la Corporación o cuando lo solicite un tercio de Concejales con antelación suficiente a la celebración de la sesión en que hubiere de tratarse el asunto correspondiente. Tales informes deberán señalar la legislación en cada caso aplicable y la adecuación a la misma de los acuerdos en proyecto.

2º.- La emisión de informe previo siempre que se trate de asuntos para cuya aprobación se exija una mayoría especial. En estos casos, si hubieran informado los demás Jefes de Servicio o dependencia u otros asesores jurídicos, bastará consignar nota de conformidad o disconformidad, razonando esta última, asumiendo en este último caso el firmante de la nota la responsabilidad del informe.

3º.- La emisión de informes previos siempre que un precepto legal expreso así lo establezca. Un ejemplo de este supuesto es la emisión de informe jurídico del secretario en los expedientes de contratación por exigirlo así la Ley de la función pública Gallega.

4º.- Informar, en las sesiones de los órganos colegiados a que asista y cuando medie requerimiento expreso de quien presida, acerca de los aspectos legales del asunto que se discuta, con objeto de colaborar en la corrección jurídica de la decisión que haya de

adoptarse. Si en el debate se ha planteado alguna cuestión sobre cuya legalidad pueda dudarse podrá solicitar al Presidente el uso de la palabra para asesorar a la Corporación. Que existe un asesor xurídico especificamente contratado para informar as licenzas e as figuras de planeamento e xestión urbanística, que é Don Carlos Abal Lourido, e que por conseguinte xa existe no expediente informe xurídico, limitándose a súa función a comprobar que o expediente de que se trate conteña los informes necesarios. Os Concelleiros presentes na Comisión Informativa de Asuntos Xerais acorda por unanimidade proceder a corrección da posición de vivenda A nos planos, e posteriormente proceder á aprobación definitiva do estudo de detalle.”

Unha vez finalizada a lectura do ditame da comisión informativa de asuntos xerais procedese pola secretaria municipal á lectura da proposta de alcaldía, que se transcribe a continuación:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación definitiva do Estudo de Detalle sito no Lugar Calle 3 Perbes, promovido pola Entidade Mercantil SERGEPI S.L.

Visto que o precitado estudo de detalla foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 11 de maio de 2007, e sometido a información pública polo prazo de 20 días, mediante anuncio no DOGA e no xornal “A Opinión”, sen que no expediente conste a presentación de reclamación ningunha.

Visto que o expediente consta dos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables.

Esta alcaldía **propón ó pleno municipal a adopción do seguinte acordo:**

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle sito no Lugar Calle 3 Perbes, promovido pola Entidade Mercantil SERGEPI S.L.

2º.- Remitir á Consellería de política Territorial, Obras Públicas e Transporte unha copia dilixenciados de dous exemplares do estudo de detalle definitivamente aprobado, con todos los planos e documentos integrantes do mesmo.

3º.- Prodecer a publicación do acordo de aprobación definitiva do estudo de detalle.

4º.- Notificar a presente resolución a cantos aparezan como interesados no expediente.”.

Unha vez terminada a lectura da proposta de acordo formulada polo alcalde - presidente, no pleno municipal procedese a votación da mesma co seguinte resultado: 11 votos a favor do PP, PSOE, BNG e TEGA.

Queda aprobada no pleno municipal a proposta de acordo efectuada polo alcalde – presidente ó pleno municipal, relativa á aprobación definitiva do Estudo de detalle sito no Lugar de Calle tres, por unanimidade dos presentes.-

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por finalizada a sesión sendo as doce horas, de todo o cal como Secretaria dou fe.

O Alcalde – Presidente en funcións.

A Secretaria.